

# GUIÓN DE TRABAJO

Semana do 20 ao 26 de abril

## SECCIÓNS E RESPONSABLES:

- **Zona deportiva:** Javier González.....páx. 1
- **Publicidade:** Daniela Sande e Lara Saborido.....páxs. 2-3
- **Sonigramas:** Adrián Sestayo e Desirée Pena.....páx. 4
- **Recuncho culinario:** Juan Pedrosa.....páx. 5
- **Noticias con risas:** Marcos Lago.....páx. 6
- **Regueifa radiofónica:** Mariloli Lago e Yaiza Lestón.....páx. 7
- **A entrevista da semana:** Laura Caamaño.....páx. 8
- **Caixa de correspondencia:** Silvia Costa.....páx. 9
- **As nosas músicas:** Nuria Fernández.....páx. 10

# ZONA DEPORTIVA

## LE A SEGUINTE INFORMACIÓN ANTES DE POÑERTE A TRABALLAR:

A Federación Galega de Fútbol vén de anunciar que se **cancelan** todas as competicións de **fútbol base** debido á situación que estamos a vivir.

Esta decisión aféctalle á **Escola Deportiva Os Miúdos** de Muros. Por iso é importante agora facer unha crónica do que foi esta temporada para este equipo.

Unha **crónica** é un texto no que relatamos uns acontecementos seguindo a orde cronolóxica (é dicir, temporal) na que sucederon.

## QUE TES QUE FACER?

**1.** Tes que redactar un texto no que contes **como foi esta temporada** para a categoría na que xogas dos Miúdos (Infantil).

Para iso debes empezar dende o principio da temporada e ir contando como foi ata que se interrompeu a liga.

Podes seguir este **guión** se o precisas:

- Para a categoría Infantil dos Miúdos a temporada empezou...
- Nos primeiros partidos....
- Cando rematou a primeira volta estabamos no posto...
- Despois do Nadal...
- Cando se interrompeu a liga estabamos...
- Durante esta temporada eu xoguei...
- Para min o mellor desta temporada foi...

**2.** Debes **enviar** unha foto do texto que escribiches a **marta.cruz.anhon@gmail.com** antes do venres, como fas coas tarefas das demais materias.

**IMPORTANTE:** Por agora **non tes que gravar** ningún audio. Eu revisarei o texto que me mandes e enviareicho de volta para que despois te graves léndoo.

**ÁNIMO CRONISTA !**

# PUBLICIDADE

## EXPLICACIÓN

Cando falamos de publicidade, podemos diferenciar dous tipos:

- **Comercial:** pretende influír no público para que consuma un produto determinado ou compre nun establecemento.
- **Institucional:** pretende que o público adquira uns hábitos positivos (que lea máis, que fale unha lingua, que sexa solidario/a, que faga exercicio...).

Nunha mensaxe publicitaria é moi importante o **slogan**, que é unha frase curta que pretende impactar e quedar na memoria do público. Velaquí dous exemplos de slogan:

- *Vivamos como galegos!* (Publicidade comercial - Gadis).
- *Comparte saúde. Doa sangue.* (Publicidade institucional – Centro de Doazón de Sangue e Órganos).

## TAREFA

Cada unha de vós vai ter que crear **un anuncio** para a radio seguindo este reparto:

- **Lara:** publicidade comercial.
- **Daniela:** publicidade institucional.

Deben ser anuncios adaptados ós días que estamos vivindo, isto é, cuestións útiles para esta situación de confinamento.

O anuncio non debe ser moi longo. Debe ser o máis breve posible para que o público non perda a atención. O texto do anuncio debe ter entre **50 e 100 palabras**, aproximadamente.

# PUBLICIDADE

## PASOS A SEGUIR

1. Pensade no que ides anunciar. No caso de Lara será un produto útil para estes días e no de Daniela unha acción ou hábito positivo nestes días.
2. Pensade nos aspectos positivos do que ides publicitar: para que serve?, por que é interesante?
3. Redactade o texto do anuncio seguindo estas indicacións:
  - o Presentación: que anunciamos.
  - o Descrición: para que serve ou en que consiste. Que aspetos positivos ten, que lle pode achegar ás nosas vidas...
  - o Slogan:\* frase impactante para incluír ó final do anuncio.

\* Características que debe ter un slogan:

- o Debe ser claro, breve e impactante.
- o Podedes usar verbos en modo imperativo, por exemplo:  
*faite soci@* ou *aprende connosco*.
- o Podedes usar xogos de palabras e recursos literarios como rimas, comparacións, interrogacións, exclamacións...  
Por exemplo: *cando fas pop non hai stop, gústache conducir?,  
pensa en verde.*

Cando teñades o texto enviádeo a **olalla.linhares@gmail.com**.  
Podedes mandalo escrito a ordenador ou podedes mandar unha foto do que escribistes á man. Non gravedes o audio até que eu non vos mande revisado o texto escrito.

**ÁNIMO PUBLICISTAS!**

# SONIGRAMAS

## EXPLICACIÓN

Basicamente, un sonigrama é unha historia feita con sons, isto é, sen palabras. Na nosa radio ímoslle poñer palabras a diferentes sonigramas escribindo historias.

As historias son textos narrativos e as narracións estrutúranse normalmente en 3 partes: **introdución**, **nó** e **desenlace**. Ademais, constan de elementos como a **voz narradora** (1ª ou 3ª persoa), os **personaxes** (principais ou secundarios), o **tempo** (pasado, presente ou futuro) e o **espazo** (real ou imaxinario).

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

**1. escoitar** o arquivo de audio que está pendurado na Aula Virtual xunto con este documento. É un sonigrama que collemos prestado do programa da Radio Galega *Diario Cultural*.

**2. Redactar** cadaquén a súa historia de **entre 100 e 150 palabras** para acompañar ese audio.

\*O audio debe servir para inspirar o relato que ides escribir. Non é que cada son teña que corresponder cunha palabra nin nada así. Simplemente debedes escribir o que vos veña á cabeza ó escoitar ese audio.

**3. Subliñar** no texto que escribistes os verbos que utilizastes e indicar en que tempo está cada un. Podedes consultar os tempos verbais no apéndice do libro.

**4. Enviar** o traballo a **olalla.linhares@gmail.com**. Podedes mandalo escrito a ordenador ou podedes mandar unha foto do que escribistes á man.

\*Non tedes que gravar ningún audio até que eu non vos mande de volta revisado o texto que escribistes.

# RECUNCHO CULINARIO

## EXPLICACIÓN

O adxectivo **culinario** significa "relativo ou pertencente á preparación de alimentos". Así, esta sección trata de crear **receitas de cociña**.

Unha receita de cociña é un **texto intrutivo**, isto é, proporciona as indicacións necesarias para facer algo.

Na **páxina 164** do libro de texto (3) atoparás unha serie de indicacións para redactar un texto instrutivo. O máis importante a ter en conta é o uso de verbos en **infinitivo e en imperativo** e o uso de **conectores**. Os conectores serven para conectar, isto é, para relacionar as diferentes oracións dun texto. Podes consultar algúns exemplos no cadro desa mesma páxina para utilizalos na túa receita.

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

**1. Preguntar** na túa casa por unha receita de cociña. É importante que preguntes a receita na casa en lugar de buscala na internet. Ademais, debe ser unha receita que poidamos facer neste confinamento, é dicir, con ingredientes que haxa normalmente nas nosas casas.

**2. Redactar** a receita, tendo en conta que consta de dúas partes:

- **Ingredientes:** enumeración dos ingredientes necesarios indicando a cantidade de cada un.
- **Elaboración:** descrición detallada do proceso de elaboración paso por paso.

\*Debes poñer moita atención no vocabulario que utilices, usando as formas propias do galego e non castelanismos.

**3. Subliñar** na túa receita os conectores que utilizaches.

**4. Enviar** o texto que escribiches a **olalla.linhares@gmail.com**.

Podes mandalo escrito a ordenador ou podes mandar unha foto do que escribiches á man.

\*Non tes que gravar ningún audio até que eu non che mande de volta revisado o texto que escribiches.

**ÁNIMO COCIÑEIRO!**

# NOTICIAS CON RISAS

## EXPLICACIÓN

A **noticia** é o principal **xénero xornalístico**. O seu obxectivo é **informar** sobre un feito de actualidade e de interese para a sociedade. Para redactar a unha noticia cómpre responder as seguintes preguntas:

- **Que** sucedeu?
- **Quen** o fixo?
- **Onde** ocorreu?
- **Cando** tivo lugar?
- **Como** aconteceu?
- **Por que** sucedeu

Normalmente unha noticia estrutúrase en **3 partes**:

- **Titular**: frase na que se resume a información esencial da noticia (*que, quen, onde, cando*). Con el búscase espertar o interese do público.
- **Entrada**: primeiro parágrafo onde se recollen os datos máis relevantes do feito do que se está a informar (*que, quen, onde, cando*).
- **Corpo**: nel desenvólvese en profundidade a información xa introducida e engádense outros datos, de maior a menor importancia. (*como, por que*).

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

**1. Redactar** unha noticia inventada que esperte as risas dos/as oíntes. Pode ser unha información curiosa, graciosa, mesmo disparatada; mais **non poderá ser irrespectuosa** con ningunha persoa ou colectivo social. Para facelo debes seguir as directrices recollidas arriba e pódeste axudar da páxina 57 do libro de texto (1).

**2. Sinalar** no texto as súas diferentes partes (titular, entrada e corpo).

**3. Enviar** o traballo a **olalla.linhares@gmail.com**. Podes mandalo feito a ordenador ou podedes mandar unha foto do que escribiches á man.

\*Non tes que gravar ningún audio até que eu non che mande de volta revisado o texto que escribiches.

**ÁNIMO XORNALISTA!**

# REGUEIFA RADIOFÓNICA

## EXPLICACIÓN

A palabra **regueifa** pode referirse a tres cousas: un molete de pan, un baile ou unha forma de **improvisación oral en verso**. As tres teñen unha orixe común: os casamentos que se realizaban tradicionalmente en Galicia.

Regueifar consiste en establecer un diálogo en verso de forma cantada. Neste diálogo hai unha especie de competición ou tira e afrouxa entre as dúas persoas participantes.

As coplas de regueifa constan de **catro versos octosilábos con rima nos pares** (2º e 4º), quedando libres os impares (a rima pode ser **asonante** ou **consonante**).

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

**1. Escribir** cada unha un mínimo de **3 coplas** de regueifa establecendo un **diálogo** a través destas coplas. Por exemplo: *Yaiza escribe unha copla e envíalla a Mariloli polo Whatsapp. Mariloli respóndelle, Yaiza respóndelle... e así ata que teñades un mínimo de 6 coplas (3 cada unha)*. A **temática** é totalmente libre, se ben é interesante basearse na situación extraordinaria que estamos a vivir.

**2. Sinalar** nas coplas resultantes en que versos se atopa a rima e se é consonante ou asonante (podedes consultar a teoría da páxina 144 do libro 2).

**3. Enviar** as coplas escritas a **olalla.linhares@gmail.com**. Podedes mandalas feitas a ordenador ou podedes mandar unha foto do que escribistes á man.

\*Por agora só tedes que escribir as coplas, non cantalas. Non tedes que gravar ningún audio até que eu non vos mande de volta revisado o que escribistes.

**ÁNIMO REGUEIFEIRAS!**



# A ENTREVISTA DA SEMANA

## EXPLICACIÓN

A **entrevista** é o un **xénero xornalístico dialogal**. Así, nela interveñen como mínimo dúas persoas: a que pregunta (entrevistadora) e a que responde (entrevistada).

Para que haxa unha entrevista ten que haber un **tema** ou **motivo**, isto é, por que se entrevista esa persoa? Que información interesante ten para contarnos? Neste sentido, todas as persoas teñen algo que contar, todas as persoas poden ser entrevistadas por algo. Por exemplo, podemos entrevistar á nosa avoa para preguntarlle pola súa infancia, que foi diferente á nosa; velaí o tema ou motivo.

Ademais das preguntas e das respostas, nas entrevistas hai unha **introdución**. Nela o que se fai é presentar a persoa que vai ser entrevistada para introducir o tema.

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

**1. Escoller** a persoa á que vas entrevistar e **pensar o motivo** polo cal vas facelo (poden ser preguntas sobre a súa vida en xeral, sobre o seu traballo, sobre algo que lle ocorreu...). Ten que ser alguén a quen despois poidas realizarlle estas preguntas, ben en persoa ou ben por teléfono (pode ser alguén que viva contigo, por exemplo).

**2. Redactar a introdución** da entrevista, isto é, presentar esa persoa en relación co tema que queiras tratar.

**3. Escribir** as preguntas, arredor de **10**. Para iso, debes ter en conta que en galego abonda con poñer o signo de interrogación (?) ó final da pregunta e que **os pronomes interrogativos (que, quen, como, onde, cando, por que, cal, canto) non levan acento**.

**4. Subliñar** todos os pronomes interrogativos que empregaches.

**5. Enviar** este traballo a **olalla.linhares@gmail.com**. Podes mandalo feito a ordenador ou podes mandar unha foto do que escribiches á man.

\*Por agora non tes que facerlle as preguntas á persoa entrevistada, só redactalas.

**ÁNIMO XORNALISTA!**

# CAIXA DE CORRESPONDENCIA

## EXPLICACIÓN

A palabra **correspondencia** é sinónimo de **correo**, mais tamén se refire á relación que se establece entre persoas que se comunican por carta (hoxe en día tamén por correo electrónico). As cartas e correos electrónicos denomínanse **textos epistolares** (*epístola* é sinónimo de carta).

Para escribir unha carta hai que utilizar unha estrutura concreta e unha serie de fórmulas que podes atopar na páxina 21 do libro de texto (1).

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

- 1. Escoller** unha persoa (real ou imaxinaria) á que escribirlle unha carta e pensar o que lle vas contar (unha boa idea é relatarlle como estás a vivir este confinamento).
- 2. Redactar** a carta seguindo as pautas que se marcan na páxina 21 do libro.
- 3. Sinalar** na túa carta cada unha das súas partes, coma no exemplo do libro (a posdata non tes por que incluila, é opcional).
- 4. Enviar** este traballo a **olalla.linhares@gmail.com**. Podes mandalo feito a ordenador ou podes mandar unha foto do que escribiches á man.

\*Non tes que gravar ningún audio até que eu non che mande de volta revisado o texto que escribistes.

**ÁNIMO MENSAXEIRA!**

# AS NOSAS MÚSICAS

## EXPLICACIÓN

A **música en galego** ten séculos de historia, e no noso territorio contamos cunha enorme riqueza no que a música tradicional se refire. Hoxe en día moitas/os artistas procuran reinventar esta tradición e outros/as crean pezas e motivos novos. No panorama actual da música en galego hai numerosos grupos con propostas ben diversas, pasando por tódolos estilos musicais: dende a música folk ata o trap.

## TAREFA: PASOS A SEGUIR

**1. Mergullar** na música en galego: descubrir novos grupos, cantantes... a través da Rede. Pra iso podes axudarte [deste espazo web](#) e do documento pendurando na Aula Virtual xunto coas tarefas desta semana.

**2. Escoller** unha canción en galego que che guste para compartir co resto.

**3. Explicar** por escrito por que escolliches esa canción e que significado cres que ten a súa letra.

**4. Redactar** un pequeno perfil sobre o grupo ou artista que canta esa canción (nome, estilo, compoñentes, data de fundación, títulos dos seus discos...).

**4. Enviar** este traballo a **olalla.linhares@gmail.com**. Podes mandalo feito a ordenador ou podes mandar unha foto do que escribiches á man.

\*Non tes que gravar ningún audio até que eu non che mande de volta revisado o texto que escribistes.

**ÁNIMO DISC-JOCKEY!**